

Binta y la gran idea



ACTIVIDADE DE TITORÍA – 3º ESO A

1ª SESIÓN:

Vimos *Binta y la gran idea*, unha curtametraxe (30 mins) que forma parte da película 'En el mundo a cada rato'. Está rodada en Senegal coa axuda de UNICEF, dirixida por Javier Fesser e foi nominada para os Oscar na edición 2006. Antes de vela, estivemos contextualizando a película:

- Situamos Senegal no mapa, falamos das condicións de vida, explicamos por que está falada case toda en francés (colonización de Francia), etc.
- Explicamos a palabra “toubab” utilizada para referirse aos brancos (ven de “toubib”, médico en árabe)
- Explicamos a idea de utilizar o teatro como recurso educativo.
- Fixemos a distinción entre “diferenza” e “desigualdade”.

Vimos a película, sen interrupcións. Ao rematar, produciuse uha reacción espontánea: os alumnos aplaudiron.

2ª SESIÓN:

Fixemos uns comentarios xerais para aclarar algún puntos sobre a historia e logo os alumnos/as distribuíronse en grupos de 4. Cada grupo recibiu una copia da ficha para axudarlles na reflexión.

Algunhas frases da película:

O meu pai di que todos os nenos do mundo teñen dereito a se educar un espírito de amizade, tolerancia, paz e fraternidade. Todos os nenos, mesmo os tubab.
O meu pai di que temos que aprender do comportamento dos paxaros. Os paxaros son tan listos que collen o mellor do norte e o mellor do sur.
Se seguimos no camiño que o primeiro mundo nos marca, corremos o risco de que os fillos dos nosos fillos van quedar sen peixes sen árbores, sen ar... e o afán por acumular bens levaranos a perder o sentimento de solidariedade e o medo a perder as riquezas acumuladas levaranos a destruírnos entre nós mesmos. Por iso quero aportar

ou meu gran de area e solicito iniciar os trámites para a adopción dun neno tubab. Xa destetado, se pode ser, para que connosco poida desenvolverse como persoa e adquirir os coñecementos precisos para ser feliz na nosa humilde comunidade. Binta na escola debuxa. Fala das cores que lle gustan. Gústalle o marelo porque é a cor do sol, o verde, a cor da selva, pero o que máis lle gusta é a cor da carne. Por iso escolle a cor marrón. Non temos foguetes para botar fogos artificiais” “Teremos foguetes cando teñamos algo que celebrar.

Temas para discusión:

- Que entende como progreso Souleyman, o amigo do pai de Binta? Estás de acordo os dous amigos? En que se diferencian as súas visións?
- O pai de Binta considera que o modelo de progreso do Norte é insostible, insolidario e perigoso. Por que?
- Que aspectos positivos ves na vida do poboado de Binta?
- Comentade o tipo de escola ao que vai Binta. Como é o mestre? Que aprenden?
- Comentade o problema da prima de Binta. Podedes imaxinar una escola sen nenas? Que vantaxes ten a educación das nenas para a comunidade?
- Falade da idea de utilizar o teatro como elemento educativo.
- Que opinades da idea do pai de Binta? É, de veras, “una grande idea”? Por que?
- Comentade o papel da imaxinación e a creatividade na nosa vida.

Cada grupo tivo tempo para falar dos temas que lle parecían máis importantes, con liberdade para centrarse nalgún/nalgúns en particular, e tamén de introducir novos aspectos se así o consideraban axeitado. Xa logo na casa, cada alumno/a escolleu UN dos aspectos da película para facer un comentario individual por escrito. Tiveron liberdade para facelo en galego ou castelán, aínda que unha alumna preferiu facelo en inglés.

Para preparar esta actividade consulte as seguintes páxinas web:

<http://www.unicef.es/contenidos>

<http://www.educacionenvalores.org>

<http://www.aulainter-cultural.org>

<http://www.amycos.org/interactivos>

<http://www.uhu.es/cine.educacion/aulacreativa/binta.htm>